“Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento e depuración en Pite-Paredes (Luci)” do Concello de Teo, incluída no Programa operativo local adicional 1/2005, código 05.2301.0197.0, cuxos datos deseguido se indican, que non representa unha variación no seu presupuesto total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras pero si modifica o seu trazado.”

Código	Concello	Denominación	Deputación f. prop.	Deputación otros	Estado	FEDER	Presupuesto
05.2301.0197.0	Teo	Saneamento e depuración en Pite-Paredes (Luci)	15.755,90	3.617,21	7.767,11	45.203,93	72.344,15

7.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "SANEAMENTO PEREIRO DE ABAIXO" DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NO POS 2005. CÓDIGO 05. 2100. 0061. 0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Corrixir o erro material producido no acordo plenario desta deputación do 25 de xaneiro de 2007 relativo á aprobación do proxecto modificado da obra **Saneamento no núcleo de Pereiro de Abaixo** do Concello de Cabanas, incluída no P.O.S 2005 co código: 05.2100.0061.0 no que figuraba un importe erróneo de achega da Deputación fondos propios de 50.849,63 € cando o correcto é 25.532,28 €, polo que debe quedar a táboa cos datos de financiamento como se indica deseguido:

Proxecto modificado “Saneamento no núcleo de Pereiro de Abaixo” (Concello de Cabanas) Código: 05.2100.0061.0	
	Presupuesto de contrata
Deputación fondos propios	25.532,28
Deputación préstamo	40.771,32
Estado	16.780,55
TOTAL SUBVENCIÓN ESTADO + DEPUTACIÓN	83.084,15
Concello	31.389,10
TOTAL	114.473,25

8.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA CONTRATAR MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMENTO ABERTO

DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS, QUE MODIFICA EXCLUSIVAMENTE O ANEXO IV DO PREGO APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN CELEBRADA O 26 DE MAIO DE 2005 E QUE SE REFIRE Á VALORIZACIÓN DO "FACTOR PREZO" SEGUNDO A FÓRMULA ELABORADA POLA FACULTADE DE MATEMÁTICAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE ACORDO CO CONVENIO FORMALIZADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CITADA UNIVERSIDADE CON DATA DO 31 DE XULLO DE 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares que haberán de rexer para contratar mediante concurso con procedemento aberto das obras comprendidas nos plans provinciais, que modifica exclusivamente o anexo IV do prego aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de maio de 2005 e que se refire á valoración do “factor prezo” segundo a fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago (Departamento de Matemática Aplicada-Grupo de investigación do catedrático Juan Viaño Rey), de acordo co convenio formalizado entre a Deputación Provincial da Coruña e a citada universidade con data do 31 de xullo de 2006.

2.- Expor o texto íntegro do citado prego (en versión castelán e versión galega) no Boletín Oficial da Provincia para que durante o prazo de 8 días poidan presentarse reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen, de conformidade co disposto no art. 122 do Decreto lexislativo 781/86.”

9. - APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2007 1ª FASE cun orzamento total de 2.432.242,53.- euros, que se poderán financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 e que se detalla

Denominación	Código	Concello	Orzamento
Ensanche e mellora de seg viaria na EP 7602 O Colo de Arca á Aldea Vella p.k. 0,00 ao 2,515	0711100001.0	Pobra do Caramiñal	752.055,26
Mellora da capa de rodaxe con leitada bituminosa na EP 2303 Dos Muíños ao Km 92 da AC-552 e EP 4502 Da Braña do Cotro a Chacín	0711100002.0	Muxía, Cee, Outes e Mazaricos	290.957,66
Mestura asfáltica en quente en tramos de estradas da zona norte EP 3504, EP 3901, EP 4906, EP 6117, EP6123 e EP 6402	0711100003.0	Fene, Irixoa, Monfero, Somozas, Ortigueira, Cariño e Paderne	388.528,10
Leitada bituminosa na EP 3501 Limodre a Penalonga e á EP 3614 da Gándara ao Km 3 da Estrada Ferrol-Cedeira	0711100004.0	Fene e Narón	73.310,60

Reforzo firme na EP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa pk 0+550 ao 4+470	O711100005.0	Ames e Teo	352.205,61
Rodaxe con m.a.c. Na vía nº 2 do Polígono de Sabón e na EP 0513 de Ponte dos Muíños a Caión por Paiosaco	O711100006.0	Arteixo e A Laracha	202.232,57
Rodaxea con leitada bituminosa nas EP 0205 Bertamiráns á Ramallosa, EP 0701 Santiago a Santa Comba e EP 5903 Ordes a Portomouro	O711100007.0	Ames, Teo, Santiago, Val do Dubra, Ordes, Tordoia e Trazo	372.952,73
Total			2.432.242,53

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produisen consideraranse definitivamente aprobados.

10. -APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007, 2ª FASE (ILUMINACIÓN PONTE CATOIRA-RIANXO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2007, 2ª fase integrado polo proxecto de iluminación da Ponte de Catoira (termo municipal de Rianxo), cun orzamento total de 80.413,68 euros, que se poderá financiar con cargo á aplicación 0401/511B/611.02 (código 07.1110.0008.0)

2.- Finalizadas as obras o Concello de Rianxo farase cargo do mantemento da instalación e o aboamento de todos os gastos de subministración de enerxía.

3.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

11.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA 3ª RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006, 1ª FASE (PROLONGACIÓN DA TRAVESÍA AVDA. DA GRABANXA EN SIGUEIRO-OROSO)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente A TERCEIRA RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2006 1ª fase integrada polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
--------	--------------	-----------

06.1130.0004.0	PROLONGACION DA TRAVESÍA AVDA DA GRABANXA EN SIGÜEIRO (OROSO)	376.804,35
	TOTAL.....	376.804,35

2.- Expor ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan.”

12. -APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 2ª FASE (OBRA DE ADECUACIÓN DA ESTRADA A MARIÑÁN-BERGONDO E.P. 0805 E A SEGURIDADE VIARIA BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA E.P. 6602 ENTRE O P.K. 2.350 E 3.950 O PINO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2007 2ª FASE cun orzamento total de 736.220,92.- euros integrado polos seguintes proxectos:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0711300002.0	ADECUACIÓN DA ESTRADA EN MARIÑÁN (BERGONDO)	59.923,26
0711300003.0	SEGURIDADE VIARIA, BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA C.P. 6602 FONTE DIAZ A SANTA IRENE ENTRE O PK 2,350 AO 3,950 (O PINO)	676.297,66
	TOTAL	736.220,92

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase del.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 28-4-2005 (BOP 107/12-5-2005).”

13. -PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA AO MUSEO DA TERRA DE MELIDE PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE OBRAS E EQUIPAMENTOS DURANTE O ANO 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“A.- Aprobar a modificación do importe da subvención nominativa concedida ao Museo da Terra de Melide, para o financiamento de **actividades culturais, que se fixa en **15.000 €**, así como o convenio que regula as condicións da subvención e a forma de colaboración das dúas entidades, co seguinte texto:**

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Museo da Terra de Melide para o financiamento de actividades culturais durante o ano 2007.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreira, presidente da Deputación da Coruña.

D. Xosé Manuel Broz Rei, director do Museo da Terra de Melide.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias se atopa o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os museos da provincia desenvolven no espallamento da cultura da nosa terra.

Que o Museo da Terra de Melide é o único museo comarcal de toda a provincia, e naceu coas achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Melide e Plan Leader da Unión Europea, constituíndo o cerne dunha concienciación social, e da posta en valor duns elementos que eran testemuñas da nosa antigüidade.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Museo da Terra de Melide, coa vontade de promover a potenciación das actividades culturais na zona, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto o financiamento das actividades culturais desenvolvidas polo Museo da Terra de Melide durante o ano 2007, de acordo co seguinte presuposto de gastos:

* Honorarios colaboradores	9.500 €
* Recollida e exposición de fotografías antigas	700 €
* Publicación do Boletín Nº 20	3.500 €

* Elaboración de marcapáxinas e calendarios de peto	200 €
* Publicación da postal de Nadal 2007	200 €
* Publicación marcapáxinas	200 €
* Exposicións temporais de pintura e artesáns locais	600 €
* Exposición “A tradición musical en Melide”	600 €
* Traballos de investigación no Arquivo da Universidade	300 €
* Exposición “Os Garceiras” e edición do libro homenaxe	2.200 €
* Carpeta didáctica “Os oficios”	750 €
Total	18.750 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **15.000 €**.

Esta subministración supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do presuposto de gastos e será compatíbel coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

Terceira.- Correspóndelle á Dirección do Museo da Terra de Melide a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

Cuarta.- O Museo da Terra de Melide comprométese coa Deputación da Coruña a facilitar os seguintes servizos:

- * Expoñer material publicitario e publicacións da deputación nas exposicións que se realicen.
- * Utilización do logotipo da deputación na difusión das actividades.

Quinta.- O Museo da Terra de Melide comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime, a execución das actividades.

Sexta.- O Museo da Terra de Melide comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Museo da Terra de Melide deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autoriza á deputación para que solicite directamente as certificacións acreditativas desta situación.

Así mesmo, o Museo da Terra de Melide deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, logo da presentación da seguinte documentación:

- * Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.
- * Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- * Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presupuesto presentado na solicitude.
- * Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas.

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña e aboarase o 80 % da cantidade realmente xustificada.

Novena.- Poderá crearse unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada por un representante da Deputación da Coruña e un representante do Museo da Terra de Melide.

Décima.- O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data da súa sinatura, polo que deberá presentarse a documentación xustificativa neste prazo.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2008.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio, logo do informe da comisión de seguimento.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2007, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento e no Decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

B.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Museo da Terra de Melide, para o financiamento de **obras e equipamento**, por importe de **15.000 €**, así como o convenio que regula as condicións da subvención e a forma de colaboración das dúas entidades, co seguinte texto:

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Museo da Terra de Melide para o financiamento de obras e equipamento durante o ano 2007.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Xosé Manuel Broz Rei, director do Museo da Terra de Melide.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os museos da provincia desenvolven no espallamento da cultura da nosa terra.

Que o Museo da Terra de Melide é o único museo comarcal de toda a provincia, e naceu coas achegas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, Concello de Melide e Plan Leader da Unión Europea, constituíndo o cerne dunha concienciación social, e da posta en valor duns elementos que eran testemuñas da nosa antigüidade.

Que para o desenvolvemento das actividades e a correcta conservación das pezas expostas é preciso adecuar as instalacións do Museo.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Museo da Terra de Melide, coa vontade de promover a potenciación das actividades culturais na zona, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto o financiamento da realización de obras e equipamento no Museo da Terra de Melide durante o ano 2007, de acordo co seguinte presuposto de gastos:

* Instalación de calefacción	5.800 €
* Porta automática na entrada do Museo	8.700 €
* Acristalamiento total das salas dos oficios	3.000 €
* Pantalla para proxeccións	500 €
* Estantes para biblioteca e arquivo	750 €
Total	18.750 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará os investimentos sinalados na cláusula anterior cunha achega máxima de **15.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do presupuesto de gastos e será compatíbel coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

Terceira.- Correspóndelle á Dirección do Museo da Terra de Melide a organización e o seguimento das obras e equipamentos obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

De conformidade co artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de distintos provedores, tendo en conta que o gasto subvencionable supera os 12.000 €.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto del.

Cuarta.- O Museo da Terra de Melide comprométese coa Deputación da Coruña a facilitar os seguintes servizos:

* Expoñer material publicitario e publicacións da deputación nas exposicións que se realicen.

* Utilización do logotipo da deputación na difusión das actividades.

Quinta.- O Museo da Terra de Melide comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime, a execución das actividades.

Consonte co disposto no art. 18.4 da Lei 18/2003, xeral de subvencións e no artigo seu regulamento, no momento do inicio das obras, durante a súa execución e ata a súa recepción, o Museo da Terra de Melide deberá ter colocados carteis nos que figure o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e a contía da súa achega.

Sexta.- O Museo da Terra de Melide comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Museo da Terra de Melide deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autoriza á deputación para que solicite directamente as certificacións acreditativas desta situación.

Así mesmo, o Museo da Terra de Melide deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, logo da presentación da seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (obtención de licenzas preceptivas, publicidade do financiamento provincial, cumprimento de normas contractuais), con indicación das actividades realizadas e resultados obtidos.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Para xustificar as obras: certificación de obra subscrita por técnico competente, relación valorada, facturas, actas de recepción e acreditación do acordo de aprobación polo órgano competente.

* Para xustificar a adquisición de equipamentos: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, actas de recepción e acreditación do acordo de aprobación da factura polo órgano competente.

* Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para obtención dunha subvención da Deputación da Coruña.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña e aboarase o 80 % da cantidade realmente xustificada.

Novena.- Poderá crearse unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada por un representante da Deputación da Coruña e un representante do Museo da Terra de Melide.

Décima.- O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data da súa sinatura, debendo presentarse a documentación xustificativa neste prazo.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2008.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación Provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio, logo do informe da comisión de seguimento.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presupuesto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2007, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento e no Decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

C.- Propor a tramitación da correspondente modificación de crédito consistente nas seguintes operacións:

* Minoración do crédito, por importe de 15.000 € na partida 0601/451C/48901, fase RC, operación nº 220070000142.

* Tramitación de concesión de crédito extraordinario por importe de 15.000 € na partida 0601/451C/78901, financiado co dispoñible derivado da minoración sinalada.

Consonte co anterior, condicionar a concesión da subvención destinada ó financiamento de obras e equipamento á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito no que se conteña o crédito axeitado e suficiente para o seu financiamento, así como á aprobación definitiva da modificación da Base 48^a das de Execución do Presuposto para 2007.”

14. -PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O PROGRAMA "O MAR E A COSTA, RECURSOS VALIOSOS PARA TODOS".

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“A.- Conceder ao Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) unha subvención nominativa por importe de **60.000 €, para o financiamento do Programa de Educación e Sensibilización Ambiental: “O mar e a costa, recursos valiosos para todos”.**

B.- Aprobar o convenio que regula as condicións da subvención e o xeito de colaboración das dúas entidades, co seguinte texto:

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para o financiamento do Programa de Educación e Sensibilización Ambiental: “O mar e a costa, recursos valiosos para todos”.

A Coruña, a

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Manuel Vázquez Fernández, presidente do Consorcio titular do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que as fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

* Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos ambientais que permita difundir todo tipo de información.

* Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellaría de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o Programa de educación e sensibilización ambiental: “O mar e a costa, recursos valiosos para todos” que, a través da Deputación de Coruña, pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscibir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no financiamento do Programa de educación e sensibilización ambiental: “O mar e a costa, recursos valiosos para todos” desenvolvido polo CEIDA que oferta un servizo educativo de visitas guiadas que garantan unha correcta divulgación do patrimonio natural galego.

Este programa segue os presupostos da interpretación ambiental moderna:

- ❖ Fomentar actitudes participativas na protección e conservación do patrimonio natural, especialmente o mariño, presentando boas prácticas que minimizan o impacto das actividades humanas.
- ❖ Invitar a colectivos, institucións e empresas a coñecer os distintos aspectos históricos, patrimoniais e naturais do Castelo de Santa Cruz e o seu contorno.
- ❖ Dar as ferramentas necesarias para comprender os valores culturais e naturais do litoral galego.

O programa é aberto e flexible e os contidos serán determinados previamente por cada grupo, entre os seguintes:

- ❖ Recursos mariños e da beiramar.
- ❖ A biodiversidade e a súa importancia.
- ❖ Patrimonio histórico-artístico.

Segunda.- As actividades que o CEIDA pon en funcionamento son:

- ❖ Os tesouros da illa de Santa Cruz: achéganos ao coñecemento dos valores ambientais da illa e o seu entorno. Dirixido a primaria e educación especial.
- ❖ Quen vive nas praias?: unha análise da vida na zona intermareal. Para infantil, primaria e educación especial.
- ❖ Os 400 anos de historia do Castelo de Santa Cruz: unha viaxe pola historia e os personaxes do Castelo. Orientado a 2º e 3º ciclo de primaria, ESO, bacharelato e adultos.
- ❖ Itinerario interpretativo do contorno da Illa de Santa Cruz: conxunto de paneis que explican desde por que se construíu aquí Castelo ata os valores naturais da zona.

Dirixido a todos os públicos en forma de visita autoguiada ou ben co equipo de educadores.

Terceira.- A temporalización dunha visita dependerá da actividade escollida e do colectivo demandante; non obstante, todas as actividades seguen o seguinte esquema:

Recepción dos visitantes.

Visita guiada.

Actividades complementarias no CEIDA: proxeccións, xogos, obradoiros e exposicións.

Cuarta.- As actividades sinaladas realizaranse de acordo co seguinte presuposto:

Persoal	102.000.-
Seguros	700.-
Documentación e material didáctico	6.000.-
Gastos diversos	6.500.-
Total	115.200 €

A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas cunha achega máxima de **60.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **52,08 %** do presupuesto de gastos e será compatíbel coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

Quinta.- Correspónelle ao Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto del.

Sexta.- O CEIDA comprométese coa Deputación da Coruña a facilitar un total de 12 visitas guiadas a grupos de 50 participantes, de luns a sábado en horario de 10.30 a 16.30, baixo a dirección de 4 educadores ambientais e 1 coordinador.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) deberá acreditar que está ao corrente das súas obligas tributarias e coa Seguridade Social e autoriza á Deputación para que solicite directamente as certificacións acreditativas desta situación.

Así mesmo, o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula cuarta, nun máximo de dous prazos, despois da presentación da seguinte documentación:

- * Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.
- * Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- * Certificación dos ingresos producidos por matrículas.
- * Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.
- * Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas.

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña e aboarase o 52,08 % da cantidade realmente xustificada.

Novena.- O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio; asemade, comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

Décima.- Poderá crearse unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada por un representante da Deputación da Coruña e un representante do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

Undécima.- O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data da súa sinatura, polo que se deberá presentar a documentación xustificativa neste prazo.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2008.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestiós litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio, logo do informe da comisión de seguimento.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de ejecución do presupuesto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2007, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento e no Decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

C.- Tendo en conta que a concesión da subvención supón unha modificación da Base 48^a das de Execución do Presupuesto para 2007, condicionar a súa concesión á aprobación definitiva da citada modificación.”

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.